

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE
RIBEIRA O DÍA 30 DE SETEMBRO DO 2021.**

ASISTENTES:

<p align="center">Presidente: SAMPEDRO FERNANDEZ MARIA JOSE</p> <p align="center">Membros que asisten:</p> <p>PEREZ OUTEIRAL MANUEL EMILIO DOVAL SAMPEDRO RAMON JOSE BARREIRO REGO ANA ISABEL REIRIZ LAMPON VICTOR BRION SANTAMARIA JUANA MARIA SAMPEDRO AGEITOS JAVIER VENTURA</p>	<p align="center">Interventor: GONZALEZ MARIÑO JORGE</p> <p align="center">Secretario Xeral: SALGUERO DEL VALLE JUAN MANUEL</p> <p align="center">Membros que non asisten:</p> <p>RUIZ RIVAS MANUEL</p>
---	--

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Ribeira, sendo as 09:40 do día Trinta de Setembro do Dous mil vinte e un, reúnen-se os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión Ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 1 de xullo de 2015, os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DE SESIÓN ANTERIORES

Foi aprobada a acta da Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria celebrada na data 23/09/2021.

2.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202109/235

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 21/09/2021 "Decreto: ADXUDICACIÓN DO CONTRATO PARA EXECUTAR AS OBRAS DO PROXECTO DENOMINADO "PAVIMENTACIÓN E PLUVIAIS NA RÚA TRANSVERSAL Á AVENIDA RAMIRO CARREGAL (POLÍGONO DE XARÁS)""



3.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202109/236

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 21/09/2021 "Decreto: ADXUDICACIÓN DO CONTRATO PARA A SUBMINISTRACIÓN DENOMINADA "ACTUACIÓNS PARA A MODIFICACIÓN DAS INSTALACIÓNS DE CAPTACIÓN DE AUGAS DO RÍO SIEIRA E ADAPTACIÓN ÁS ESIXENCIAS AMBIENTAIS DERIVADAS DO MANTEMENTO DO CAUDAL ECOLÓXICO""

4.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202109/291

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 24/09/2021 "Decreto: RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE CONTRADITORIO XURDIDO COMO CONSECUENCIA DA EXECUCIÓN DAS OBRAS DE INSTALACIÓNS, REMATE E URBANIZACIÓN EXTERIOR DO CENTRO SOCIAL MULTIUSOS DE CARREIRA, REFORMULADO"

5.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202109/293

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 24/09/2021 "Decreto: CLASIFICACIÓN DE LAS OFERTAS Y REQUERIMIENTO DE DOCUMENTACIÓN, PARA LA ADJUDICACIÓN DEL CONTRATO DENOMINADO "RENOVACIÓN DE LAS INFRAESTRUCTURAS DE TELECOMUNICACIONES DEL AYUNTAMIENTO DE RIBEIRA""

6.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202109/300

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 24/09/2021 "Decreto: CLASIFICACIÓN DAS OFERTAS E REQUERIMENTO DE DOCUMENTACIÓN, PARA A ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DENOMINADO "SERVIZOS DE MANTEMENTO DE ASCENSORES, MONTACARGAS, ESCALEIRAS MECÁNICAS E PORTAS AUTOMÁTICAS EN EDIFICIOS PROPIEDAD DO CONCELLO DE RIBEIRA E CENTROS ESCOLARES""

7.- DACIÓN DE CONTA DE COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

COMUNICACIÓNS DE OBRA MENOR INFORMADAS FAVORABLEMENTE O 21.09.2021:

16263 15.09.2021 M^a. LUZ PATIÑO MIRANDA, elevar muro de terraza, en rúa Chouza, 17, Castiñeiras.

COMUNICACIÓNS DE OBRA MENOR INFORMADAS FAVORABLEMENTE O 23.09.2021:

14453 18.08.2021 BEGOÑA ONTIVEROS PELAEZ, retejado en Ameixida, 7, Castiñeiras.



14531 19.08.2021 AMPARO RIOS LIJÓ, reparación de canalón, en rúa Ceuta, 7, Ribeira.
 14465 18.08.2021 GEMMA SUÁREZ NÚÑEZ, pintar fachada, rúa Churriana, 1, Ribeira.
 14441 18.08.2021 AMPARO GUDE LORENZO, cambio de balcón, en rúa Rosalía de Castro, 51, 4ªA, Ribeira.
 14537 19.08.2021 MANUEL VALIÑO PAMPÍN, lavar tejado en Avda. de A Coruña, 63, Ribeira.
 14475 18.08.2021 JOSÉ RAMÓN FERNÁNDEZ OUVIÑA, cubrir terraza en rúa Vilar, 78, Palmeira.
 14605 20.08.2021 EDUARDO FIGUEIRAS GONZÁLEZ, substituir columnas de bloque por columnas de pedra, en Frións, 44-C.

COMUNICACIÓNS DE OBRA MENOR INFORMADAS FAVORABLEMENTE O 24.09.2021:

17141 24.09.2021 UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A., acometida eléctrica para obra situada en rúa Feira, Ribeira.

COMUNICACIÓNS DE OBRA MENOR INFORMADAS FAVORABLEMENTE O 27.09.2021:

15212 01.09.2021 VIAQUA (Mª. DOLORES GARCÍA GONZÁLEZ), acometida de saneamiento, en Avda. da Coruña, nº 22, Ribeira.
 15213 01.09.2021 VIAQUA (JESÚS DOMINGO SANTIAGO VIDAL), acometida de saneamiento, en rúa Alto do Rial, nº 20, Castiñeiras.
 15790 09.09.2021 TELEFÓNICA DE ESPAÑA, S.A.U., instalación de dos postes de madeira para dar servicio de fibra óptica en el lugar de Montevixán, Carreira.
 15865 09.09.2021 VIAQUA (MANUELA POZAS PÉREZ), acometida de agua en rúa Candexas, Castiñeiras.
 15866 09.09.2021 VIAQUA (DAVID GABRIEL FIGUEIRIDO WOODFORD), acometida de saneamiento, en Castro, 9, Carreira.
 15867 09.09.2021 VIAQUA (MARÍA REIRÍZ TEIRA), acometida de saneamiento y de pluviales, en rúa do Barbanza, 21, Ribeira.
 15868 09.09.2021 VIAQUA (ANDRÉS SUÁREZ PAISAL), acometida de saneamiento, en Martín, 2, Ribeira.
 17112 23.09.2021 VIAQUA (MARIA ISABEL RODRÍGUEZ REIRÍZ), acometida de agua en Peteiras, 88-89, a Graña.

8.- DEVOLUCIÓN DE TRIBUTOS ASOCIADOS A EXPTE. OBRAS Nº 435/2008 POR DESISTIMIENTO –Ramón Sampedro Millán

Visto o escrito presentado por **Ramón Sampedro Millán**, de data 25/08/2021 (Registro de entrada nº 14.800), no que solicita a devolución dos tributos asociados ao expediente de obras nº 435/2008., presentando desistimento expreso da solicitude de licenza de obras para a construción de peche de parcela con muro.

A **Xunta de Goberno Local**, atendendo á documentación obrante no expediente, e ao informe técnico da Enxeñeira Municipal, Uxía Landeira Pereira, de data 26/08/2021, e ao informe de devolución de ingresos do Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 08/09/2021, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

Primeiro.- ACEPTAR O DESISTIMENTO EXPRESO PRESENTADO, DECLARANDO CONCLUSO O PROCEDIMIENTO E O ARCHIVO DO EXPEDIENTE ADMINISTRATIVO DE REFERENCIA.

Segundo.- Que se proceda á devolución dos tributos asociados á solicitude de licenza de obra (Expediente de obras nº 435/2008, formulada por **Ramón Sampedro Millán**, coa seguinte contía: **112,63 €**.



Terceiro.- Notificar a presente resolución ós interesados en cumprimento do disposto Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas.

9.- LICENZA MUNICIPAL para construción de vivenda unifamiliar DE PLANTA BAIXA NO LUGAR DE OLVEIRA (PARCELA 879, POLÍGONO 43) RIBEIRA. PROMOTOR: ANA PATIÑO MARIÑO E DARÍO ÁLVAREZ GÓNZÁLEZ. ORZAMENTO DE EXECUCIÓN MATERIAL: 102.231,14€

VISTA a solicitude de licencia urbanística presentada por **Dna. Ana Patiño Mariño e D. Darío Álvarez González** para **CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR DE PLANTA BAIXA** en parcela **Parcela 879, Polígono 43, Olveira, Ribeira** con refª catstral nº 15074A043008790000KU, nos termos do Proxecto de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data 4 de xuño de 2021 do Anexo ao Proxecto de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data 10 de agosto de 2021 redactados polo Sr. Vicente Ageitos Pérez, (arquitecto col. nº 3.078).

EXAMINADA a documentación que lle acompaña así como os informes do arquitecto municipal de data 23 de setembro de 2021, do técnico de administración xeral de data 28 de setembro de 2021 e do secretario xeral da Corporación de data 28 de setembro de 2021, considérase que a tramitación do expediente realizouse de conformidade co disposto na Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón, por unanimidade dos presentes, adopta o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- CONCEDER a **Dna. Ana Patiño Mariño e D. Darío Álvarez González** licenza urbanística (**Nº 27/21**) para **CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR DE PLANTA BAIXA** en parcela **Parcela 879, Polígono 43, Olveira, Ribeira** con refª catastral nº 15074A043008790000KU, nos termos do Proxecto de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data 4 de xuño de 2021 do Anexo ao Proxecto de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data 10 de agosto de 2021 redactados polo Sr. Vicente Ageitos Pérez, (arquitecto col. nº 3.078):

- *Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Oficio de Dirección de Obra de Execución Material e Coordinación de Seguridade e Saúde.***

SEGUNDO.- A obra iniciarase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

TERCEIRO.- Unha vez concluída a obra o interesado deberá solicitar a preceptiva licenza municipal de primeira ocupación debendo actualizar os datos catastrales a efectos da actualización do Imposto sobre Bens Inmóveis (I.B.I. art. 60 a 77 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais):

- *Certificado Final de Obra cos preceptivos visados colexiais.*
- *Acta de recepción de edificio terminado.*
- *Presentación do Modelo 900-D da declaración catastral.*



- Certificado de idoneidade emitido polas empresas concesionarias do servizos.
- Para a obtención da licenza de primeira ocupación atendendo ao artigo 10.2 do Decreto 106/2015, de 9 de xullo, sobre contaminación acústica establece que, sen prexuízo do disposto polo artigo 20 da Lei 37/2003, de 17 de novembro deberá presentar o informe de ensaio que xustifique que se cumpre cos illamentos acústicos esixidos e que as instalacións comúns do edificio non producen nas edificacións niveles sonoros superiores aos valores límite establecidos. O devandito informe elaborase a partir de medicións in situ do illamento acústico das edificacións conforme á normativa de aplicación, ás ordenanzas municipais, e demais condicionantes sobre avaliación da contaminación acústica, podendo establecer ensaios representativos.

CUARTO.- Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintarse con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.
- A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.
- Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.
- O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.
- Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).
- Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.
- A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentarase a correspondente solicitude.
- A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimento dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.
- Procederase con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participarase a data da súa iniciación.
- As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.



FIRMANTE - FECHA

MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ-ALCALDESA EN FUNCIONES - 30/09/2021
 JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 30/09/2021
 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 30/09/2021 13:38:24



- Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".
- Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.

QUINTO.- Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de RIBEIRA. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SEXTO.- Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SÉTIMO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

OITAVO.- O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

NOVENO.- Asimesmo a licenza concedida:

- So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.
- Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.
- Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.
- Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.



10.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA – Asesoría Beny García

Visto o escrito presentado por Emilio Picanes Mosquera en representación de **Asesoría Beny García**, de data 01/09/2021 (Rexistro de entrada nº 15.210), no que solicita certificación urbanística relativa a si a praza situada en Fontán - Touro (Ribeira), é pública, así como data de cesión da mesma.

Visto o informe técnico emitido ao respecto polo Delineante Municipal, Juan A. Sieira parada, de data 20/09/2021, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

Revisado o expediente a nome de “Promociones Batiola”, con licenza de obras nº 22/01, se comproba que existe no mesmo un “CONVENIO”, que dí textualmente:

CONVIENE:

2º *“Que los propietarios de la parcela sita en Fontán se comprometen a la cesión de una superficie aproximada de 2.600 m2 de la misma que en la propuesta de modificación aparece prevista para zona verde, todo ello hasta las líneas de edificación”*

3º *“La cesión a la que se refiere el punto anterior se hará efectiva en el momento de la aprobación definitiva del Plan general, o previamente, en el momento de la concesión de la licencia.....”*

CONCLUSIÓN:

Xa que a licenza de obras foi concedida, e o Plan Xeral Municipal de Ribeira foi aprobado. Se considera que:

A praza sita en Fontán - Touro (Ribeira), **é pública**

11.- VAO PERMANENTE – C.P. Edf. Os Mosqueiros

Visto o escrito presentado por Sandra Isabel Rodríguez Filgueira en representación de **C.P. Edf. Os Mosqueiros**, de data 22/09/2021 (Rexistro de entrada nº 16.886), no que solicita unha praca de vao permanente para instalar na entrada ao garaxe do inmovible situado en Estrada Xeral, nº 32 (Castiñeiras).

A Xunta de Goberno Local, visto o informe de data 22/09/2021 emitido en sentido favorable pola Policía Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

Conceder a **C.P. Edf. Os Mosqueiros** autorización para a instalación dun senal de vao permanente (3,00 m.), con reforzo de pintado de liña amarela, na entrada ao garaxe do inmovible situado en Estrada Xeral, nº 32 (Castiñeiras), según o sinalado no citado informe policial.

- *De ser o caso, con caracter xeral e como condición de obrigado cumprimento para a concesión de vao permanente, os costes derivados do rebaxe do bordillo da beirarrúa ou a colocación/retirada dunha rampla de acceso deberán ser a costa do solicitante.*



12.- VAO PERMANENTE – José Francisco Rodríguez Calo

Visto o escrito presentado por **José Francisco Rodríguez Calo**, de data 20/09/2021 (Registro de entrada nº 16.659), no que solicita unha praca de vao permanente para instalar na entrada ao garaxe do inmovible situado en Rúa Curros, nº 32 (Castiñeiras).

A Xunta de Goberno Local, visto o informe de data 22/09/2021 emitido en sentido favorable pola Policía Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

Conceder a **José Francisco Rodríguez Calo** autorización para a instalación dun senal de vao permanente (3,00 m.), con reforzo de pintado de liña amarela, na entrada ao garaxe do inmovible situado en Rúa Curros, nº 32 (Castiñeiras), según o sinalado no citado informe policial.

- *De ser o caso, con caracter xeral e como condición de obrigado cumprimento para a concesión de vao permanente, os costes derivados do rebaixe do bordillo da beirarrúa ou a colocación/retirada dunha rampla de acceso deberán ser a costa do solicitante.*

13.- VAO PERMANENTE (REFORZO DE LIÑA AMARELA) – Eduardo Mariño Bernárdez

Visto o escrito presentado por **Eduardo Mariño Bernárdez**, de data 26/01/2021 (Registro de entrada nº 16.886), no que solicita a ampliación de liña amarela que sirva como reforzo para facilitar a entrada/saída de vehículos ao garaxe con licenza de vao permanente situado en Rúa 2 Cubeliño, nº 9 (Ribeira).

A Xunta de Goberno Local, visto o informe de data 22/09/2021 emitido en sentido favorable pola Policía Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

Autorizar a ampliación de liña amarela (na beirarrúa de enfrente) que sirva como reforzo para facilitar a entrada/saída de vehículos ao garaxe con licenza de vao permanente situado en Rúa 2 Cubeliño, nº 9 (Ribeira), según o sinalado no citado informe policial.

14.- ACHEGA CONCEDIDA A A. SARASQUETE, S.L. (APROBACIÓN DE PAGOS CONVENIO DE COLABORACIÓN-TRANSPORTE ESCOLAR CENTROS DE ENSINO CONCERTADOS) XANEIRO 2021

Vista a **proposta** de xustificación documental e pagamento de subvención emitido pola Concelleira Delegada de Educación, Juana María Brión Santamaría, de data 20/09/2021, en relación ao convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Ribeira e a empresa A. Sarasquete, S.L. para o Programa de Fomento do Transporte Público Ribeira MOVE escolar aos centros de ensino concertados, relativo ao mes de **xaneiro 2021**; aprobado pola X.G.L. na sesión celebrada en data 12/04/2018.

Visto o informe de intervención emitido ao respecto polo Interventor acctal., Jorge González Mariño, de data 28/09/2021.



Vista a documentación que consta no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Aprobar a documentación xustificativa presentada e **autorizar** o pagamento da subvención derivada do convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Ribeira e a empresa A. Sarasquete, S.L. para o Programa de Fomento do Transporte Público Ribeira MOVE escolar aos centros de ensino concertados, relativo ao mes de **xaneiro 2021**; aprobado pola X.G.L. na sesión celebrada en data 12/04/2018; resultando o seu importe: 1.460,00 € (con cargo á partida 323 472.01).

15.- ACHEGA CONCEDIDA A A. SARASQUETE, S.L. (APROBACIÓN DE PAGOS CONVENIO DE COLABORACIÓN-TRANSPORTE ESCOLAR CENTROS DE ENSINO CONCERTADOS) FEBREIRO 2021

Vista a **proposta** de xustificación documental e pagamento de subvención emitido pola Concelleira Delegada de Educación, Juana María Brión Santamaría, de data 20/09/2021, en relación ao convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Ribeira e a empresa A. Sarasquete, S.L. para o Programa de Fomento do Transporte Público Ribeira MOVE escolar aos centros de ensino concertados, relativo ao mes de **febreiro 2021**; aprobado pola X.G.L. na sesión celebrada en data 12/04/2018.

Visto o informe de intervención emitido ao respecto polo Interventor acctal., Jorge González Mariño, de data 28/09/2021.

Vista a documentación que consta no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Aprobar a documentación xustificativa presentada e **autorizar** o pagamento da subvención derivada do convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Ribeira e a empresa A. Sarasquete, S.L. para o Programa de Fomento do Transporte Público Ribeira MOVE escolar aos centros de ensino concertados, relativo ao mes de **febreiro 2021**; aprobado pola X.G.L. na sesión celebrada en data 12/04/2018; resultando o seu importe: 1.470,00 € (con cargo á partida 323 472.01).

16.- ACHEGA CONCEDIDA A A. SARASQUETE, S.L. (APROBACIÓN DE PAGOS CONVENIO DE COLABORACIÓN-TRANSPORTE ESCOLAR CENTROS DE ENSINO CONCERTADOS) MARZO 2021

Vista a **proposta** de xustificación documental e pagamento de subvención emitido pola Concelleira Delegada de Educación, Juana María Brión Santamaría, de data 20/09/2021, en relación ao convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Ribeira e a empresa A. Sarasquete, S.L. para o Programa de Fomento do Transporte Público Ribeira MOVE escolar aos centros de ensino concertados, relativo ao mes de **marzo 2021**; aprobado pola X.G.L. na sesión celebrada en data 12/04/2018.

Visto o informe de intervención emitido ao respecto polo Interventor acctal., Jorge González Mariño, de data 28/09/2021.



Vista a documentación que consta no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Aprobar a documentación xustificativa presentada e **autorizar** o pagamento da subvención derivada do convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Ribeira e a empresa A. Sarasquete, S.L. para o Programa de Fomento do Transporte Público Ribeira MOVE escolar aos centros de ensino concertados, relativo ao mes de **marzo 2021**; aprobado pola X.G.L. na sesión celebrada en data 12/04/2018; resultando o seu importe: 1.430,00 € (con cargo á partida 323 472.01).

17.- ACHEGA CONCEDIDA A A. SARASQUETE, S.L. (APROBACIÓN DE PAGOS CONVENIO DE COLABORACIÓN-TRANSPORTE ESCOLAR CENTROS DE ENSINO CONCERTADOS) ABRIL 2021

Vista a **proposta** de xustificación documental e pagamento de subvención emitido pola Concelleira Delegada de Educación, Juana María Brión Santamaría, de data 20/09/2021, en relación ao convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Ribeira e a empresa A. Sarasquete, S.L. para o Programa de Fomento do Transporte Público Ribeira MOVE escolar aos centros de ensino concertados, relativo ao mes de **abril 2021**; aprobado pola X.G.L. na sesión celebrada en data 12/04/2018.

Visto o informe de intervención emitido ao respecto polo Interventor acctal., Jorge González Mariño, de data 28/09/2021.

Vista a documentación que consta no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Aprobar a documentación xustificativa presentada e **autorizar** o pagamento da subvención derivada do convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Ribeira e a empresa A. Sarasquete, S.L. para o Programa de Fomento do Transporte Público Ribeira MOVE escolar aos centros de ensino concertados, relativo ao mes de **abril 2021**; aprobado pola X.G.L. na sesión celebrada en data 12/04/2018; resultando o seu importe: 1.430,00 € (con cargo á partida 323 472.01).

18.- ACHEGA CONCEDIDA A A. SARASQUETE, S.L. (APROBACIÓN DE PAGOS CONVENIO DE COLABORACIÓN-TRANSPORTE ESCOLAR CENTROS DE ENSINO CONCERTADOS) MAIO 2021

Vista a **proposta** de xustificación documental e pagamento de subvención emitido pola Concelleira Delegada de Educación, Juana María Brión Santamaría, de data 20/09/2021, en relación ao convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Ribeira e a empresa A. Sarasquete, S.L. para o Programa de Fomento do Transporte Público Ribeira MOVE escolar aos centros de ensino concertados, relativo ao mes de **maio 2021**; aprobado pola X.G.L. na sesión celebrada en data 12/04/2018.

Visto o informe de intervención emitido ao respecto polo Interventor acctal., Jorge González Mariño, de data 28/09/2021.



Vista a documentación que consta no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Aprobar a documentación xustificativa presentada e **autorizar** o pagamento da subvención derivada do convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Ribeira e a empresa A. Sarasquete, S.L. para o Programa de Fomento do Transporte Público Ribeira MOVE escolar aos centros de ensino concertados, relativo ao mes de **maio 2021**; aprobado pola X.G.L. na sesión celebrada en data 12/04/2018; resultando o seu importe: 1.410,00 € (con cargo á partida 323 472.01).

19.- ACHEGA CONCEDIDA A A. SARASQUETE, S.L. (APROBACIÓN DE PAGOS CONVENIO DE COLABORACIÓN-TRANSPORTE ESCOLAR CENTROS DE ENSINO CONCERTADOS) XUÑO 2021

Vista a **proposta** de xustificación documental e pagamento de subvención emitido pola Concelleira Delegada de Educación, Juana María Brión Santamaría, de data 20/09/2021, en relación ao convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Ribeira e a empresa A. Sarasquete, S.L. para o Programa de Fomento do Transporte Público Ribeira MOVE escolar aos centros de ensino concertados, relativo ao mes de **xuño 2021**; aprobado pola X.G.L. na sesión celebrada en data 12/04/2018.

Visto o informe de intervención emitido ao respecto polo Interventor acctal., Jorge González Mariño, de data 28/09/2021.

Vista a documentación que consta no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Aprobar a documentación xustificativa presentada e **autorizar** o pagamento da subvención derivada do convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Ribeira e a empresa A. Sarasquete, S.L. para o Programa de Fomento do Transporte Público Ribeira MOVE escolar aos centros de ensino concertados, relativo ao mes de **xuño 2021**; aprobado pola X.G.L. na sesión celebrada en data 12/04/2018; resultando o seu importe: 1.350,00 € (con cargo á partida 323 472.01).

20.- MELLORA DA SINALIZACIÓN VIAL DO ENTORNO DA PRAZA DO CONCELLO

Visto o informe presentado pola Policía Local, de data 23/09/2021, relativo á mellora da sinalización vial no entorno da Praza do Concello, co fin de axudar á comprensión das manobras actuais e que os vehículos non invadan a zona peonil bordeando a praza de forma incorrecta cando pretenden acceder á Rúa Mariño de Rivera.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda** aprobar a proposta presentada de mellorar a sinalización vial no entorno da Praza do Concello, según o sinalado no citado informe/proposta policial.



21.- HABILITACIÓN RESERVA DE PRAZAS DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAL AEAT (RIBEIRA)

Visto o escrito presentado por Margarita González Calvo en representación da **Delegación da AEAT de Ribeira**, de data 06/09/2021 (Rexistro de entrada nº 15.499), no que solicita a habilitación de reserva de tres prazas de estacionamento para o persoal da Delegación da AEAT de Ribeira.

Visto o informe favorable emitido ao respecto pola Policía Local, de data 23/09/2021.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda autorizar a habilitación de reserva de tres prazas de estacionamento para o persoal da Delegación da AEAT de Ribeira, situada na Praza dos Mariñeiros, que deberá estar sinalizada cunha liña perimetral discontinua de cor amarela, así como cun sinal vertical de prohibido estacionar (R-308) complementada cun cartel indicativo que exprese **“De 08:00 a 15:00 h., os días hábiles, agás persoal AEAT”**, según o sinalado no citado informe policial.

22.- APROBACIÓN DE PREZO PÚBLICO (MOSTRA DE TEATRO DE RIBEIRA 2021)

Vista a **proposta de aprobación de prezo público** da **Concelleira Delegada de Cultura, María José Sampedro Fernández**, de data 27/09/2021, na que solicita a aprobación de prezo público para as entradas ás funcións da “Mostra de Teatro de Ribeira 2021”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

1.- Autorizar a celebración da programación da “Mostra de Teatro de Ribeira 2021”

2.- A aprobación do **prezo público** para as entradas ás funcións da “Mostra de Teatro de Ribeira 2021”:

- Prezo xeral por reserva de butaca para cada función: **4,00 €**
- Bono para todas as representacións da mostra: **25,00 €**

3.- **Aprobar** a normativa de adquisición das entradas como reserva de butaca, según o sinalado na citada proposta.

4.- **Aprobar** as medidas sinaladas na citada proposta relativas á normativa sanitaria en vigor de cara á prevención e seguridade fronte á pandemia derivada da covid 19.

5.- **Publicar un anuncio** que dea conta da aprobación do prezo público, tanto no Taboleiro Oficial de Anuncios do Concello, como nas dependencias do servizo que organize a actividade, que deberá ser exposto desde o día seguinte ao de adopción do presente acordo, e non poderá ser retirado ate que as actividades previstas teñan rematado.

23.- APROBACIÓN DO INFORME CERTIFICACIÓNS DE EMPRESAS ADHERIDAS, ASISTENCIA MES DE AGOSTO BONOS CONCILIA CAMPARIBEIRA 2021

Visto o informe presentado pola Concelleira delegada de Cultura, María José Sampedro Fernández, de data 27/09/2021, relativa aos Bonos Concilia Camparibeira Verán 2021, no



que sinala:

"INFORMO

1. De conformidade coas Bases reguladoras do programa BONO CONCILIA CAMPARIBEIRA VERÁN

2021 da 1ª e 2ª convocatoria que foron aprobadas pola Xunta de Goberno Local do Concello de Ribeira de data 27/5/2021 e 01/7/2021 respectivamente (publicadas en BOP nº 101 de data 01/06/2021 e nº 125 de data 06/7/2021 respectivamente).

Según establece o punto 1 do artigo 16 das bases, "non se abonará cantidade algunha aos solicitantes da axuda, xa que a cantidade concedida será directamente abonada á empresa ou profesional autónomo que organizase o campamento obxecto da solicitude, sendo descontada do prezo total a pagar polo solicitante; a empresa deberá reintegrar ou descontar na súa totalidade dita cantidade ao beneficiario. O pagamento será realizado polo Concello de Ribeira a través de transferencia bancaria, de xeito mensual, nun único pago total correspondente a todas as axudas desa mensuralidade que figurasen aprobadas polo órgano competente e previa presentación de certificación mensual por parte do empresario adherido a este programa de bonos".

2. De conformidade con cada acordo adoptado en Xunta de Goberno Local de data 17/6/2021, 24/6/2021 e

05/8/2021 e Decreto de Alcaldía de data 19/7/2021, referidos á concesión de achegas aos beneficiarios dos Bonos Concilia CampaRibeira Verán 2021.

3. Á vista das certificacións xustificativas de asistencia dos beneficiarios dos bonos no mes de agosto e os beneficiarios de xullo 2021 atendidos co remanente despois de renuncias e baixas durante agosto, presentadas polas empresas adheridas ao antedito programa de axudas, figura expresamente a identificación (nome e DNI/NIE) da persoa solicitante da axuda e nenos/as que rebiron o servizo, días e horarios, co importe individual do custo do campamento, importes individuais do Bono concedido e importe total a abonar polo Concello.

Consta no expediente o IBAN de cada empresa.

Registro de entrada Número e data	Empresa	Matrícula, Importe do campamento	Bonos, Importe Concello
2021 14659 do 23/8/2021	Golfiño Xestión de Ocio SL	6.660,00€	2.990,50€ 375,00€ (Servizos Sociais)
2021 15203 do 01/9/2021 *2021 17240 do 24/9/2021	Paula Martínez Gago	1.920,00€	962,00€
2021 16110 do 14/9/2021	Fit Sport Natural SL	7.800,00€	3.690,00€ 315,00€ (Servizos Sociais)
2021 16215 do 15/9/2021 *2021 17057 do 23/9/2021	Antía Fontaiña Falqué	6.639,00€	3.052,00€

*Nº Registro e entrada de Correccións Certificados presentados.

Por todo isto, **INFORMO:**

- Que as empresas que emiten as certificacións recibidas son as entidades adheridas a esta convocatoria (xgl de data 17/6/2021).



- *Que a presentación das certificacións respecta o prazo establecido según o artigo 16.3 das anteditas bases.*
- *Que consta en cada certificación datos establecidos nas bases de convocatoria según o artigo 16.3.*
- *Que a relación de beneficiarios e importes das axudas foron aprobados en sesión de Xunta de Goberno Local e Decreto de Alcaldía na data sinalado no parágrafo 2 deste escrito.*

En consecuencia, cumpren cos requisitos establecidos nas bases que regulan o Programa Bonos Concilia CampaRibeira Verán 2021 favorablemente.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda aprobar** o informe presentado dando forma de acordo a cada un dos puntos a todos os efectos.

A Presidencia levanta a sesión sendo as 09:55 do mesmo día, estendéndose a presente acta da que, como secretario xeral, dou fe e certifico na data que consta na sinatura dixital que figura ao pé deste documento.



FIRMANTE - FECHA

MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ-ALCALDESA EN FUNCIONES - 30/09/2021
 JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 30/09/2021
 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 30/09/2021 13:38:24

DOCUMENTO: 20210753920

Fecha: 30/09/2021
 Hora: 13:38

